

RESOLUCIÓN POLA QUE SELECCIONA COMO CANDIDATO A GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO Á ASOCIACIÓN GRUPO ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO “GOLFO ARTABRO SUR”, CON NIF G70184494, PARA A ELABORACIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL PARTICIPATIVO NO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN DO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP) 2014-2020 EN GALICIA

FEITOS

- O 16 de abril de 2015 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde de 6 de abril de 2015, pola que se fixo pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.
- Unha vez finalizado o proceso de selección regulado pola citada Orde, todos os concellos costeiros de Galicia quedaron asignados a algúm dos candidatos a GALP seleccionados, con excepción do territorio conformado polos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.
- Mediante a Resolución do 10 de maio de 2016, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, realizou unha segunda convocatoria de selección de candidatos para a elaboración da EDLP, de conformidade co procedemento establecido na citada Orde de 6 de abril de 2015, co obxectivo de cubrir a parte do territorio costeiro galego que quedara sen asignar na primeira convocatoria, territorio correspondente á vertente sur do Golfo Ártabro e comprendido polos citados concellos.
- O 25 de agosto de 2016, unha vez concluído o prazo de presentación de candidaturas, á vista do informe de cumprimento dos requisitos expedido con data 6 de setembro de 2016 polo órgano instrutor do procedemento, a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro asinou o acordo polo que se facía pública na web <http://mar.xunta.gal>, a proclamación de candidatos. A única candidatura presentada e conforme cos requisitos esixidos correspondeu á *Asociación Grupo de acción local do sector pesqueiro “Golfo Ártabro Sur”* con NIF G70184494.
- O 15 de setembro de 2016, consonte o establecido no artigo 14 da Orde de 6 de abril de 2015 (DOG núm 71 do 16 de abril de 2015), elevouse a través do órgano instrutor, proposta de resolución da asociación candidata seleccionada polo Comité de Selección, con indicación do territorios cuberto e o financiamento indicativo previsto para preparar a estratexia de desenvolvemento local.
- O proposta de resolución recolle que a solicitude da *Asociación Grupo de acción local do sector pesqueiro “Golfo Ártabro Sur”*, superou o mínimo de 150 puntos dun total de 250 conforme o esixido no artigo 13.1º da Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015). Asemade, a proposta da Asociación obtivo unha puntuación igual ou superior a un 35% nos apartados a), b) e c) tal e como establece o parágrafo final do artigo 13. En particular acadou a seguinte puntuación por apartados:



ORGANIZACIÓN CANDIDATA: GRUPO DE ACCIÓN LOCAL DO SECTOR PESQUEIRO "GOLFO ARTABRO SUR" G70184494						PUNTUACIÓN TOTAL
A) TERRITORIO		B) ORGANIZACIÓN		C) PROXECTO		PUNTUACIÓN TOTAL
a) 1º	10	b) 1º	31,25	c) 1º	15	
a) 2º	4,87	b) 2º	13,69	c) 2º	17	
a) 3º	4,96	b) 3º	12,5	c) 3º	16	
a) 4º	3	b) 4º	27,5			
a) 5º	1	b) 5º	0			
a) 6º	2					
a) 7º	4,24					
a) 8º	6,42					
a) 9º	2					
CRITERIO A)	38,49	CRITERIO B)	84,94	CRITERIO C)	48	171,43

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- De conformidade co Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e de Pesca, e polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Coheesión e ao Fondo Europeo e Marítimo e da Pesca, e se derroga o Regulamento (CE) nº 1083/2006, do Consello;
- De conformidade co Regulamento (UE) 508/2014 (UE) nº 508/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, relativo ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se derrogan os Regulamentos (CE) nº 2328/2003, (CE) nº 861/2006, (CE) nº 1198/2006 e (CE) nº 791/2007 do Consello, e o Regulamento (UE) nº 1255/2011 do Parlamento Europeo e do Consello;
- De conformidade coa Orde de 6 de abril de 2015 (DOG Núm. 71 do 16 de abril de 2015) pola que se fai pública a convocatoria de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro para a elaboración de estratexias de desenvolvemento local participativo no período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia, así como coa Resolución do 10 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se convoca un novo proceso de selección de candidatos a grupos de acción local do sector pesqueiro no ámbito territorial dos concellos de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo.

E de conformidade coa proposta da Comité de Selección,


RESOLVO

- Seleccionar a Asociación Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro "Golfo Ártabro Sur", con NIF G70184494, como candidata á Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro para a elaboración dunha estratexia de desenvolvemento local participativo para o territorio integrado polos municipios de Bergondo, Sada, Oleiros, Cambre, Culleredo, A Coruña e Arteixo para o período de programación do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) 2014-2020 en Galicia.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

galicia



Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e de Pesca
(FEMP)

- Asignar como financiamento indicativo para preparar a estratexia de desenvolvemento local participativo a cantidad de 22.000 euros, suxeita, en todo caso, á dispoñibilidade orzamentaria e á sinatura do convenio de colaboración correspondente.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de reposición ante a persoa titular da consellería do Mar, nos prazos e termos recollidos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente no prazo de dous meses, contados, a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, sen prexuízo dos recursos que o interesado estime procedente.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2016

Rosa María Quintana Carballo

A CONSELLERA Conselleira do Mar

